

HOTEL PARAÍSO



GALEATRO



urdime

SINOPSE

Imaxina un lugar onde cada habitación garda un sentimento, cada corredor conta unha historia e cada parede asubía un segredo.

Este espectáculo de narración oral levarache a percorrer as habitacións da alegría, do medo, do amor, da ira ou da esperanza.

Vén a hospedarte ao "Hotel Paraíso" onde cada palabra é unha chave e cada unha emoción unha porta por abrir.

Idade: A partir de 4 anos.

Duración: 40 minutos

Necesidades: Espazo libre de mobiliario

ALBA BERMÚDEZ - Actriz

Licenciada en Interpretación Textual pola Escola Superior de Arte Dramático de Galicia. No 2013 realizou o Máster de Artes Escénicas na Universidade Rey Juan Carlos e no 2014 o Postgrado de Arte Cultura e Intervención Social.

O seu percorrido profesional como actriz abrangue compañías como "Triatreros", "Contraproducións" ou "Galeatro", da cal é fundadora. No eido audiovisual participou en "Serramoura", na webserie "Dálle Jas" ou na curta "As Peixeiras". Como narradora oral, percorre as bibliotecas de Galicia coa súa sesión de contos "Comechíns, segundo prato" e "As aventuras de Mariña".

A súa labor como actriz e como narradora oral, complementase co desenvolvemento de obradoiros de artes escénicas. Actividade esta que leva exercendo na última década.

GALEATRO

Galeatro é a compañía de teatro profesional de Carballo. Fundada polos intérpretes Alba Bermúdez e Tone Martínez e especializada no público familiar, a súa liña de traballo esténdese desde a formación artística ata a produción de espectáculos de pequeno e gran formato. Algunhas das pezas que percorren gran parte do territorio galego son: "Comechíns, segundo prato", "Entre Bechos Anda o Conto", "Muiñada", "Carabela", "As Aventuras de Mariña" e "Wombo Combo". Vén de estrear recentemente o seu primeiro espectáculo para público adulto en coprodución co Centro Dramático Galego: "Arte sen Guión", unha especulación escénica de como podería ter sido o teatro

medieval en lingua galega. “Arte sen guión” é o primeiro espectáculo de improvisación teatral que conseguiu o fito de ser programado nos principais festivais de artes escénicas do estado, como son “Festival de Teatro Clásico de Almagro” e a “MIT de Ribadavia”, así como en moitos concellos do país.

Galeatro naceu coa vontade de promover a creación escénica contemporánea en lingua galega, contando para iso con dramaturgos e dramaturgas galegas vivas. Mostra disto son os seus espectáculos de sala “Muiñada”, “Carabela” e “Wombo Combo”, escritos por Ana Carreira, o primeiro, e Paula Carballeira, os dous últimos. No 2024 vén de ser galardoado co premio do Certame Manuel María de Proxectos Teatrais coa peza “Berenguela na gaiola”.

CONTACTO:

EMAIL: galeatro@gmail.com

TELÉFONO: 669584811 (Tone)